



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/16004.

Feitos

Primeiro. O servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/16004, profesor/a axudante doutor/a da área de coñecemento de Enfermaría (Podoloxía) do departamento de Ciencias da Saúde, incorren en conflitos de interese, dos establecidos no Real Decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso ás prazas destes corpos, con algunha das persoas candidatas:

López López, Daniel: secretario titular

González Martín, María Cristina: secretaria suplente

Segundo. Con data do 20.10.2025, o Consello do Departamento de Ciencias da Saúde aprobou unha nova proposta de secretarías.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciabile, agás cando concorra unha causa xustificada que impedisese a súa actuación, como é este caso.

O artigo 6.3 da citada normativa establece que o Consello de Departamento propondrá a secretaría, titular e suplente, que serán preferentemente da UDC.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Secretaría titular: substitúese a Daniel López López por Manuel Romero Soto

Secretaría suplente: substitúese a María Cristina González Martín por Julia María Janeiro Arocas

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández